

Expediente núm.: 2024/A006/000001

Asunto: Aprobación Convenio de colaboración Orientación Laboral Negreira-A Baña.

CONVENIO DE COLABORACIÓN

REUNIDOS

Dunha parte, Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde - Presidente do Concello de Negreira, e doutra parte, Don José Antonio Pereira Gil, Alcalde - Presidente do Concello de A Baña, ambos actuando en nome e representación das súas respectivas Corporacións, que ostentan en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

Ámbalas dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal e suficiente necesaria para subscribir o presente Convenio, habilitados tanto pola normativa sobre réxime do Sector Público en xeral como da Administración Local en particular, e, en consecuencia, libremente,

EXPOÑEN

ANTECEDENTES

Con data de 18 de xaneiro de 2024, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 13) a **Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024**. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións ás entidades que presten servizos de orientación laboral para o emprego e asistencia para o autoemprego, articulados en itinerarios de inserción ocupacional personalizados e dirixidos a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego e servizos inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación de persoal técnico de orientación laboral para o exercicio 2024, no ámbito de colaboración da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de



CONCELLO DE
NEGREIRA



emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (código de procedemento TR331A).

A Orde do 22 de decembro, de conformidade co “Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro do 2013, polo que se determinan os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da comunidade autónoma, para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal”, establece criterios de valoración específicos para aqueles proxectos de xestión compartida ou fusión municipal que representen un aforro de custos e una xestión máis eficaz no desenvolvemento das accións de orientación laboral subvencionadas, buscando consolidar e reforzar a orientación individualizada por medio de persoal orientador cualificado.

Doutra banda, o artigo 2 da mesma Orde recoñece como entidades beneficiarias da subvención ás entidades locais sempre que, por si soas ou asociadas entre concellos, teñan unha media de paro rexistrado no ano 2023 superior a 350 persoas. O Concello de Negreira, por si mesmo, atópase na actualidade por debaixo dese limiar, polo que a sinatura do correspondente convenio co Concello de A Baña é o xeito idóneo de continuar a prestar un servizo tan positivo como é a orientación laboral, tanto ós veciños de Negreira como ós veciños de A Baña que xa nos últimos anos acudían ó servizo á casa consistorial negreirense, o que, indubidablemente, persegue a consecución dun fin de interese xeral.

Para a sinatura deste Convenio de colaboración en materia de orientación laboral, estaríase a exercer polas Corporacións unha competencia coñecida como impropia, de acordo ca definición contida no artigo 7.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tras a modificación introducida polo artigo 1.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostemento da Administración Local (LRSAL). Con todo, o servizo de orientación laboral, de carácter subvencionado por parte da Xunta de Galicia, veuse prestando de forma ininterrompida desde o ano 2008, con anterioridade á reforma efectuada pola LRSAL, polo que se trata, simplemente, de dar continuidade a un servizo xa implantado. A máis, a porcentaxe maioritaria do salario bruto a percibir pola orientadora laboral é cuberto pola subvención á que se pretende concorrer, pois dita subvención é promovida pola Xunta para crear puntos territorialmente descentralizados do Servizo de Emprego de Galicia, beneficiando aos usuarios, ao eliminar a necesidade de desprazamento ata as oficinas centrais, situadas en grandes cidades, e contribuíndo así a reducir a brecha co rural, moi patente na Comunidade Autónoma Galega.

O Convenio pretendido integrárase, dentro das tipoloxías recollidas no artigo 47.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas, na categoría de “*Convenios interadministrativos firmados entre dos o máis Administracións Públicas, o bien entre dos o máis organismos públicos o entidades de derecho público vinculados o dependentes de distintas Administracións públicas, y que podrán incluír la utilización de medios, servicios y recursos de otra Administración Pública, organismo público o entidad de derecho público vinculado o dependiente, para el ejercicio de competencias propias o delegadas*”, matizando, como xa se fixo, que se trata dunha competencia impropia.

En consecuencia da totalidade do anteriormente exposto, outórganse as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do Convenio de colaboración.

O presente Convenio de colaboración entre os Concellos de Negreira e A Baña ten por obxecto concorrer de xeito conxunto á subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024, convocada pola Xunta de Galicia por medio da Orde do 22 de decembro de 2023 (DOG núm.13). A tal efecto, en virtude do disposto no artigo 209 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, establécese o réxime de realización de funcións e tarefas da orientadora laboral do Concello de Negreira no ámbito territorial do Concello da Baña, consistentes na prestación do servizo técnico de orientación laboral no exercicio 2024.

SEGUNDA. Obrigas das partes.

O Concello de Negreira comprométese a ceder durante unha xornada á semana, os luns, os servizos da Orientadora Laboral dese Concello, Dona Sonia Nieto López, que asistirá ás dependencias de Orientación Laboral do Concello de A Baña, sitas na planta baixa da Casa da Cultura (Rúa das Dores, s/n, San Vicente da Baña), que deberán ser cedidas á traballadora. As restantes xornadas, martes, mércores, xoves e venres, o servizo será prestado nas dependencias do Concello de Negreira (sen prexuízo de que, por razóns xustificadas, segan a atenderse veciños de A Baña que así o precisen durante dito horario).

Todos os locais onde se leven a cabo as funcións de orientación indicadas neste artigo estarán suxeitos ao descrito nos artigos 2.2.a), así como 14.1.d) e 14.2 e 15 da orde do 22 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública

para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024, co fin de garantir as condicións mínimas de atención para os demandantes, todo iso sen prexuízo das circunstancias e normativa de carácter xeral aplicable por circunstancias excepcionais.

TERCEIRA. Compromisos económicos asumidos polas partes.

O custe do mantemento de Orientación Laboral ascende, para o Concello de Negreira, a un total de 39.441,04 euros, dos que, 28.000 terán carácter subvencionado.

É vontade das partes intervenientes, en vista dos días nos que a Orientadora Laboral prestará os seus servizos para cada Corporación, levar a cabo o seguinte reparto dos 11.441,04 euros restantes:

	% DE APORTACIÓN	IMPORTE TOTAL A APORTAR
CONCELLO DE NEGREIRA	80,00 %	9.152,83 €
CONCELLO DE A BAÑA	20,00 %	2.288,21 €

O importe a aboar polo Concello de A Baña para o cumprimento dos fins do Convenio, será feito nunha única achega. A sinatura do presente documento leva aparellada a asunción firme do compromiso de pago da mesma.

O prazo para facer efectivo o pago das cantidades comprometidas será de dous meses dende a sinatura do convenio e terá carácter de liquidación provisional. No momento do pago da subvención por parte da Xunta de Galicia en favor do Concello de Negreira, procederase á liquidación definitiva co obxecto de saldar as posibles diferenzas nos gastos reais.

CUARTA. Funcións e tarefas a desenvolver polo persoal afectado.

As funcións e tarefas a desenvolver pola orientadora laboral do Concello de Negreira, dona Sonia Nieto López, no ámbito territorial dos dous concellos asinantes do presente convenio, serán cando menos as recollidas no artigo 3 da Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2024. Dita traballadora amosa a súa conformidade tal e como consta en documento asinado pola mesma obrante no expediente, mantendo a súa relación laboral co Concello de Negreira.

QUINTA. -Consecuencias por incumprimentos das obrigacións e compromisos asumidos polas partes.



O incumprimento das obrigacións contidas no presente convenio terá como consecuencia a rescisión do mesmo, imposibilitando a sinatura doutro convenio de análogas características no futuro, e poderá dar lugar a unha posible indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, segundo os procedementos establecidos na lexislación vixente.

SEXTA. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control de execución do convenio.

5.1.- Comisión de Seguimento.

Para garantir a correcta execución e o seguimento da execución deste Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento.

A Comisión intégrase polos seguintes membros:

Membro:	En representación de:
Dona Míriam Naveira Dono	Secretaria do Concello de Negreira
Don Ricardo Garrido Caneda	Secretario-Interventor do Concello de A Baña
Dona Sonia Nieto López	Orientadora Laboral

As súas funcións serán as de resolver cantas cuestións poida expor a interpretación e o cumprimento do presente convenio, así como as de levar a cabo o seguimento da normal execución das actuacións previstas no mesmo, determinando os criterios e modos para posibilitar a mutua información e axeitado cumprimento dos compromisos respectivos.

Durante a vixencia do convenio e a proposta de calquera das partes, a comisión reunirse previa convocatoria sempre que o requira a boa marcha dos traballos.

O quórum necesario para a válida constitución da comisión será o de maioría dos seus membros, adoptándose os seus acordos por maioría de votos.

5.2. Xustificación das actuacións realizadas:

Elaborarase unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos compromisos acordados, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos ou o establecemento doutros procedementos alternativos de comprobación do cumprimento dos compromisos acordados.

SÉTIMA. Réxime de modificación do convenio.

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes subscritoras, sempre que non supoña un incremento do custo das actividades a desenvolver. A modificación incorporárase como parte inseparable do texto do convenio.

OITAVA. Prazo de vixencia do convenio.

O convenio de colaboración terá unha duración de un ano, a contar dende o momento no que, no seu caso, se publique a concesión definitiva da subvención á que se concorre por parte da Xunta de Galicia, e deberá procederse á súa renovación para o caso de que se pretenda volver a concorrer a unha subvención das mesmas características convocada pola Xunta de Galicia par ao ano 2025.

NOVENA. Extinción do convenio.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ate a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por declaración xudicial de nulidade.
- Por calquera outra causa prevista nas leis.

DÉCIMA. Réxime xurídico e resolución de controversias.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa conforme ao disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, deberán liquidarse, de mutuo acordo, a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 4.1.

Tentada sen éxito a vía da Comisión de Seguimento, competará á Xurisdición Contencioso Administrativa a resolución das cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998 de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio, en formato de arquivo electrónico auténtico, no lugar e data arriba indicado.

O Alcalde de Negreira,
D. Manuel Ángel Leis Míguez.

O Alcalde de A Baña,
Don José Antonio Pereira Gil.

A Secretaria de Negreira,
D^a Míriam Naveira Dono.

O Secretario de A Baña,
Don. Ricardo Garrido Caneda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE